



## Concello de Lourenzá

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2021/13	La Junta de Gobierno Local

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	28 de decembro de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 13:00 ata as 14:00 horas
<b>Lugar</b>	Despacho da Alcaldía
<b>Presidida por</b>	rocio lopez garcia
<b>Secretario</b>	Begoña González Pedregal

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apellidos	Asiste
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA





## Concello de Lourenzá

### APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR DE 24/11/21.

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e catro de novembro do dous mil vinte e un (24/11/2021), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

### Expediente 375/2020. SOLICITUDE DE LICENCIA D. JOSÉ RAMÓN TERRÓN SALVATIERRA. FORMIGONADO ACCESO A VIVENDA

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. JOSÉ RAMÓN TERRÓN SALVATIERRA** con NIF.\*\*\*\*7866W, con domicilio no lugar de Casas Novoa núm. 20, parroquia de Santa María (Lourenzá), con data 16/07/21, sendo rexistrada de entrada co núm. 1338 para a realización dos traballos consistentes en **FORMIGONADO DE ACCESO A VIVENDA** sita no lugar de Casas Novoa núm. 20 parroquia de Santa María, na parcela con Referencia Catastral 000401400PJ31D0001TZ, con afección ao canle dun rego innominado entubado e a súa zona de servidume, afluente do Río Batán e no territorio histórico do Camiño Norte de Santiago, para o que acompaña presuposto da obra a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.  
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 25/11/21 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Urbano. Ordenanza 02 Residencial Extensiva. Vivenda Unifamiliar.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

As obras solicitadas consisten na construción dunha soleira de formigón armado de 12 cm. de espesor.

Consta no expediente a Resolución favorable do organismo autónomo de Augas de Galicia, Expediente DH.W27.72464, de data 13/10/2021, na que figuran, literalmente, as seguintes condicións xerais e particulares:





## Concello de Lourenzá

### "A.-XERAIS:

- 1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
- 2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
- 3.- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
- 4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
- 5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
- 6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.
- 7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.
- 8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

### B.-PARTICULARES:

- 1.- As obras consistirán na reposición de pavimentado de acceso a unha vivenda con afección á canle dun rego innominado intubado (DN 800 mm) e a súa zona de servidumbre, afluente do río Batán, da conca do río Masma; no predio con referencia catastral 000401400PJ31D0001TZ, no lugar de Vilanova de Lourenzá, na parroquia de Santa María, no concello de Lourenzá (Lugo).  
Dita pavimentación consiste na colocación de formigón armado e





## Concello de Lourenzá

mallas de aceiro. Na actualidade o pavimento que existe e de alcatrán e se encontra nun estado deteriorado. As obras afectarían á canle dun rego innominado intubado e a súa zona de servidumbre, afluente do río Batán, da conca do río Masma.

2.- Se fora necesario calquera reposición do cauce ao seu estado primitivo, os gastos serán por parte do solicitante.

3.- As obras que se autorizan deberán limitarse aos traballos de mantemento sinalados, sen aumentar as súas dimensións nin en forma nin en volume construído, sen que esta autorización supoña a legalización da obra preexistente.

4.- Advírteselle ao titular que segundo os Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación desenvolvidos por este organismo de conca, o río Batán, en parte da zona das actuacións están considerados dentro das Areas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) de Galicia Costa. A estes efectos, o titular deberá tomar as medidas que considere axeitadas en materia de protección civil e será responsable dos danos que se poidan producir derivados da súa situación respecto do río.

Así mesmo, de conformidade coa normativa do Plan Hidrolóxico e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, o promotor presenta o 25/09/2019 unha declaración responsable na que expresa que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.

O interesado deberá dar cumprimento efectivo e tanxible ao contido da declaración responsable e xurada achegada.

Deberá ter en conta este feito por se pode interferir na execución das actuacións.

A estes efectos extremaranse as medidas de seguridade na execución das actuacións debido á localización das actuacións na Área de Risco Potencial Significativo de Inundación, polo que as obras non se executarán en época de chuvias e deberá estar atento aos episodios meteorolóxicos.

5.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.

6.- Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas na zona de servidumes de leitos, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.

7.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as actuacións se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de seren necesarios durante a execución das obras, instalaranse sistemas físicos-barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais de obra cara os leitos.





## Concello de Lourenzá

8.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se depositarán materiais, residuos ou calquera material contaminante no leito nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas.

9.-Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais cara aos leitos, así como o depósito de calquera material contaminante na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable).

10.- Vista a situación das vivendas na contorna máis próxima das zonas inundables para o período de retorno de 500 anos da Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) do rego do Batán; ínstase ao promotor á adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección fronte a avenidas segundo a Lei 17/2015, de 9 de julio, del Sistema Nacional de Protección Civil e a normativa da Comunidade Autónoma.

11.- Recoméndase ao promotor que poña en coñecemento dos futuros usuarios das vivendas o recollido no Anexo VIII (“Consellos á poboación ante o risco de inundacións”) da Resolución do 4 de outubro de 2016 pola que se publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia ( INUNGAL).

12.-Lémbraaselle ao promotor as obrigas recollidas na declaración responsable e xurada que achegou, na que expresou que “coñece e asume o risco de inundación existente, así como as medidas de protección civil aplicables, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección e comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados”.

13.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales e las normas de calidad ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, por el que se regula la protección de las aguas subterráneas contra la contaminación y el deterioro.

14.-Esta entidade pública non será responsable da solución técnica, ambiental e estrutural elixidas.





## Concello de Lourenzá

15.- No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional o definitiva de parcelas alleas, precisárase acordo cos seus titulares.

16.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederáse a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

15.- O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses contado a partir do día seguinte ao da recepción desta resolución. Finalizado este prazo, extinguirase a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha PRÓRROGA antes do esgotamento do prazo.

18.- Rematadas as obras comunicáraselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."

- Consta no expediente a Resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 09/10/2020 ,Expediente 2020/1235, e na que literalmente consta:

"Resolvo autorizar a execución das obras de formigonado de acceso á vivenda sita na Rúa Casas Novoa,20, lugar de Escourido, Lourenzá, de acordo co cumprimento das condicións establecidas no punto 2.2 desta resolución .

As condicións do punto 2.2 son:

a) O emprego de pavimentos de formigón considérase axeitado sempre que non se empreguen texturas imitativas doutros materiais, tales como pavimentos impresos de lastros, táboas, losetas, etc.

b) A cor e acabado do pavimento será acorde á contorna na que se atopa o edificio. Neste senso, a mellor solución consistirá en dispoñer de pavimentos lisos da mesma cor e acabado dos pavimentos do interior da parcela (formigón gris). Deberanse evitar, en todo caso, os acabados brillantes e as cores rechamantes.

Outro pavimento adecuado é o emprego de formigóns lavados ou desactivados con árido visto, que ademais resultan máis anti-escorregadizos que o formigón liso. Nete caso, utilizaranse áridos propios da zona para favorecer a integración da soleira na contorna.

c) A nova pavimentación limitarase á área de acceso actual, que se poderá regularizar en canto a xeometría e dimensión, mantendo sempre as superficies vexetais a ambos lados da superficie pavimentada. En calquera caso, a superficie pavimentada, terá, como máximo, un ancho similar á do acceso existente á parcela.





## Concello de Lourenzá

d) Os bordos da área pavimentada e o encontro desta coa estrada resolveranse de xeito coidado, en aliñacións continuas e perfiladas, evitando o vertido libre do formigón, os bordos quebrados e os resaltos entre pavimentos.”

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.  
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar corenta euros con cincuenta céntimos (40,50) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil trescentos cincuenta euros. (1.350,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### **Expediente 384/2020. SOLICITUDE LICENCIA D. LUCIANO IRIMIA IRIMIA. RECONSTRUCCIÓN BEIRRARÚA E SOLEIRA FORMIGÓN**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. LUCIANO IRIMIA IRIMIA** con NIF. NÚM.\*\*\*\*7783B, con domicilio en A Cazolga núm. 18 (Santa María - Lourenzá) e na súa representación D. Juan Trigo Díaz, con NIF. Núm. \*\*\*\*4510D, con data 22/07/2020 e 31/03/2021 sendo rexistradas de entrada cos núms. 1375/20 e 600/21 respectivamente para a realización dos traballos consistentes en **RECONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚA DE 12 METROS DE LONXITUDE (LATERAL NORTE VIVENDA) E SOLEIRA DE FORMIGÓN DE 10X10 (LATERAL SUR VIVENDA)**, sita no lugar de A Cazolga núm. 18 parroquia de Santa María (Lourenzá), con Referencia Catastral 001702200PJ31H0001IA e P.K. 3,5 na marxe esquerda da estrada provincial LU-P-2804 "PEDRÓN (N-634)-A CAZOLGA" e na marxe da tamén vía provincial LU-P-2806 de CAZOLGA (LU-P-2804)-OIRÁN (LU-P-3101)", e no contorno de protección da Capela de San Pedro do Grado/Catalogada, para o que acompaña presuposto da obra a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 25/11/21 a saber:
  - Estrita suxeición ao solicitado.
  - Normativa aplicable: Solo Núcleo Rural.
  - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a





## Concello de Lourenzá

seguridade de persoas, animais e cousas.

- As obras solicitadas consisten na construción dunha beirarrúa no lateral norte da vivenda e formigonado da entrada no lateral sur da vivenda, tal e como solicita en escrito de data 31 de marzo do 2021, con rexistro de entrada nº 600 (en escrito inicial das obras presentaba un plano onde figuraba formigonar dúas entradas).

- Consta no expediente a Resolución favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Expediente 30657 de data 30/07/2020, sendo rexistrada co núm. 1429, xa que a intervención que se solicita está no contorno de protección da Capela de San Pedro do Grado/Catalogada e que literalmente di: *“Autorizar o solicitado. Esta autorización emítese dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, sen prexuízo dos dereitos de terceiros, e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, autonómica ou calquera outros que fosen necesarios para a realización das intervencións recollidas nela.”*

- Consta no expediente Resolución favorable de data 04/08/2021 emitida polo Servicio de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo ao ser unhas obras que se encontran na zona de afección das estradas provinciais (LU-P 2804 “Pedrón-(N634- A Cazolga”; e LU-P2806 “A Cazolga-LU-P-2804-Oirán(LU-P-3101)”); debendo cumprirse as condicións especiais e xerais contidas na mencionada Resolución que se transcriben literalmente:

***“A) CONDICIONES ESPECIALES.***

***PRIMERA.- Se autorizan las obras solicitadas (pavimentación en el frente de una vivienda en la margen izquierda de la vía provincial LU-P-2804 y construcción de acera en el lateral de la misma, en la margen de la vía provincial LU-P-2806) fuera de la zona de servidumbre según definición del art.39 de la Ley 8/2013 de 28 de junio, de Carreteras de Galicia, a distancia superiora 4.-m. Del borde del asfaltado de la vía provincial así como la zona de afección situada a mayor distancia, según definición del art. 40 de la citada LCG.***

*Las obras que se realicen en la zona de dominio público, por estar situadas a menos de 2 ,-metros del borde asfaltado, solo se autorizarán en cuanto sean imprescindibles para acceder a la carretera conforme establece el artículo 43.1c) de la mencionada Ley y compatibles con la seguridad de la circulación y el drenaje de la plataforma de la vía y sus márgenes.*

*La pavimentación de la solera se realizará mediante una capa de hormigón cuya rasante deberá situarse al menos 2,- cm. por debajo de la carretera actual con una pendiente transversal hacia la vivienda de al menos el 4% en el ancho de 1.-m inmediato a la carretera.*

*El resto de la superficie a hormigonar tendrá una rasante de*







## Concello de Lourenzá

*inclinación superior al 2% de modo que las aguas que se recojan en la superficie pavimentada serán evacuadas por una canaleta continua o mediante tubería y sumideros que se ubicarán cada 5,-m. de modo que las aguas siempre discurrirán hacia el exterior de la carretera.*

**SEGUNDA.-** *Teniendo en cuenta lo establecido en el art. 49 de la Ley 8/2013 de 28 de junio, de Carreteras de Galicia, la presente autorización se otorgará a reserva de las demás licencias y autorizaciones necesarias sin perjuicio de terceros y dejando a salvo los derechos preexistentes sobre los terrenos o bienes. No supondrán en ningún caso la cesión del dominio público ni la asunción por la administración titular de responsabilidad alguna respecto de la persona titular de la autorización o de terceros.*

*Las actuaciones podrán ser inspeccionadas en todo momento por el personal de la administración titular de la carretera o de la que otorgó la autorización.*

**TERCERA.-** *Durante la ejecución de las obras, éstas deberán estar debidamente señalizadas para evitar posibles accidentes a los usuarios de la vía provincial.*

**CUARTA.-** *El peticionario se hace responsable de los daños a la carretera afectada o a sus usuarios que puedan derivarse de la existencia de dichas obras.*

**QUINTA.-** *Las tasas se devengarán preceptivamente y obligatoriamente en su totalidad antes del inicio de obra, facultad que otorga a esta Diputación el art. 9 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Autorizaciones de obras y otros aprovechamientos situados en zonas contiguas a las carreteras provinciales, BOP. 258 de 10/11/1995 y el art. 6 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la utilización privativa o aprovechamiento especial bienes de dominio público provincial BOP. 261 de 13/11/1998) y la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Lo establecido en la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria en su art.62. Plazos para el pago, no habilita la presente autorización mientras no se hayan satisfecho las preceptivas tasas.*

**SEXTA.-** *Deberá comunicar por escrito la fecha de inicio de las obras con una antelación de diez (10) días con el fin de poder llevar a cabo un seguimiento de las mismas por el personal adscrito a Vías y Obras. Las obras deberán hallarse terminadas en el plazo de Doce (12) meses contados a partir de la fecha de la notificación. El incumplimiento de las referidas condiciones significa la nulidad de la autorización, pudiendo dar lugar al correspondiente procedimiento sancionador y responsabilidades que se pudieran detraer.*

### **B) CONDICIONES GENERALES.**

**Primera.-** *La persona que se halle al frente de las obras deberá tener en su poder esta autorización o una fotocopia de la misma, con la*





## Concello de Lourenzá

*obligación de presentarla al personal encargado de la vigilancia de la vía.*

*Segunda.- Se prohíbe depositar sobre la vía afectada materiales o escombros con motivo de estas obras.*

*Tercera.- Esta autorización se otorga en precario, dejando a salvo el derecho de propiedad y sin perjuicio de otras competencias concurrentes o autorizaciones sectoriales necesarias.*

*Cuarta.- La conservación de las obras objeto de esta autorización en el debido estado de uso será de cuenta del concesionario.*

*Quinta.- El incumplimiento de cualquiera de las precedentes condiciones lleva consigo la nulidad de esta autorización y la consiguiente demolición de las obras, por cuenta del usuario de las mismas.”*

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar noventa e sete euros con cincuenta céntimos (97,50) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en tres mil douscentos cincuenta euros. (3.250,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### **Expediente 401/2021. SOLICITUDE LICENCIA D. HORACIO VARELA VARELA , COLOCACIÓN DE TUBOS E MURO DE BLOQUE**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. HORACIO VARELA VARELA** con NIF.\*\*\*\*1309Q, con domicilio en Susbarrás núm.1, parroquia de Santo Adrao, con data 10/06/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 1078, para a realización dos traballos consistentes en **COLOCACIÓN DE 20 METROS LÍNEALES DE TUBO DE CEMENTO DE 0,40 DIÁMETRO E MURO DE BLOQUE DE 13 METROS LONXITUDE X 1,40 M. DE ALTURA**, sita no lugar de Susbarrás núm.1, parroquia de Santo Adrao, con Referencia Catastral da parcela 27027C006015100000DJ, na parcela 1510 do polígono 6 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur, e para o que se acompaña presuposto da obra a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 25/11/21





## Concello de Lourenzá

a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Núcleo Rural de Iglesia San Adriano NRT 17.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Retranqueo do muro: Mínimo 4 metros do eixo da vía.
- Os tubos quedarán soterrados de forma que non sobresaian da rasante da vía pública.
- O muro deberá revestirse e pintarse.
- Estas obras pola súa escasa complexidade que non precisa de proxecto técnico.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar setenta e nove euros con cincuenta céntimos (79,50) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en dou mil seiscientos cincuenta euros. (2.650,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### **Expediente 494/2021. SOLICITUDE LICENCIA D<sup>a</sup>. CONCEPCIÓN HERMIDA BARGO. SUBSTITUCIÓN VENTÁS E CONTRAVENTÁS**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D<sup>a</sup>. CONCEPCIÓN HERMIDA BARGO** con NIF.\*\*\*\*7582V, con domicilio en Bouza da Viña núm. 6, parroquia de San Jorge, con data 01/09/2021 sendo rexistrada de entrada co núm. 1773, para a realización dos traballos consistentes en **SUBSTITUCIÓN DE 11 VENTÁS E CONTRAVENTÁS EN VIVENDA UNIFAMILIAR** sita no lugar de Bouza da Viña núm.6, parroquia de San Jorge, con Referencia Catastral 27027C003005610000DG, na parcela 5161 do polígono 3 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur, e na zona de influencia do río Baos. Acompáñase á solicitude Memoria Valorada de data Agosto/2021 redactada por D. Oscar López Alba, arquitecto colexiado núm. 2576 do COAG.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 25/11/21





## Concello de Lourenzá

a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo non Urbanizable Común- Solo Rústico de Especial Protección Agraria.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.

As obras consisten en colocar unha nova carpintería exterior, 11 ventás de PVC de cor branco e contraventás interiores do mesmo material.

-Estas obras pola escasa complexidade non necesitan proxecto técnico.

Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 06/10/2021, pola que se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W27.80472, dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumpre coo disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).

Consta no expediente informe favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, de data 20/10/2021, Ref. 210/2021 no que literalmente consta:

*“As actuacións pretendidas de rehabilitación de fachadas na vivenda vivenda pola súa escasa entidade non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador dado que afectan unicamente a unha construción e non á parcela na que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder.”*

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento nove euros con cincuenta céntimos (109,50) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en tres mil seiscientos cincuenta euros. (3.650,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.





## Concello de Lourenzá

### Expediente 473/2017. SOLICITUDE DE LICENCIA SYMICEIS 2014 S.L. MODIFICACIÓN DE ACCESO A NAVE.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. JOSÉ ISRAEL GARCÍA CALAZA**, con NIF.\*\*\*\*9249J, con domicilio en C/Corporacións núm. 52-5º F (Foz), en representación de **SYMICEIS 2014 S.L.** con CIF. B27462522, con data 24/01/2017 sendo rexistrada de entrada co núm. 168 para a realización dos traballos consistentes en **MODIFICACIÓN DE ACCESO Á NAVE NÚM. 4 DO POLÍGONO INDUSTRIAL AMPLIANDO PASO 2,50 METROS** sita no polígono industrial de Pousada, parroquia de Santa María, con Referencia Catastral da parcela 8266103PJ3186N0001GY, para o que se acompaña Memoria Valorada de data xaneiro 2017, redactada por D<sup>a</sup>. Angeles Moirón Fernández, núm. colexiada 621 do COAAT de Lugo.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 25/11/21 a saber:
  - Estricta suxeición ao solicitado.
  - Normativa aplicable: Solo Urbano Industrial Tipo I.
  - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
  - Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
  - As obras solicitadas consisten na modificación de acceso á nave ampliando o paso 2,50 m. para o que é necesario demoler parte do muro de fábrica, aumentar a zona de rebaixe da beirarrúa e a rampla de formigón de acceso á mesma.Estas obras pola súa escasa complexidade non precisan proxecto técnico.
  - Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar corenta euros con dos céntimos (40,02) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil trescentos trinta e catro euros. (1.334,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.





## Concello de Lourenz

**Expediente 511/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA D M TERESA  
GAVN MARTNEZ. PINTURA FACHADA TRASEIRA**



Cod. Validacin: AF623G3k4LZPL33C6OQWCE964 | Correccin: <https://concellolourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Pxina 14 a 34



## Concello de Lourenzá

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licenzia formulada por **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. TERESA GAVÍN MARTÍNEZ**, con NIF.\*\*\*\*8711L, con domicilio en Lavandeira de Arriba núm. 2, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá) con data 17/08/2021 e núm. 1715 de rexistro de entrada, para a realización dos traballos consistentes en **PINTADO DE FACHADA TRASERA DE VIVENDA** sita en Lavandeira de Arriba núm. 2, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), con referencia catastral 000502600PJ40H0001XZ e na zona de influencia do Rego do Castelo.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

1.- A autorización da obra solicitada.  
2.- Condicionar a efectividade da licenzia ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 25/11/21 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- No se alterarán as aliñacións nin volumes existentes.

Consta no expediente informe favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, de data 20/10/2021, Referencia 212/2021 en el que literalmente consta: *“As actuacións pretendidas de pintura de fachada vivenda pola súa escasa entidade non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador dado que afectan unicamente a unha construción e non á parcela na que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenzia que puidese corresponder.”*

Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 13/10/2021, polo que se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W27.80640 dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumpre co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa





## Concello de Lourenzá

disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).

Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita Proxecto Técnico.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar vinte e un euros (21,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en setecentos euros. (700,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### **Expediente 622/2021. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.CONVENIO CENTRO DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constituen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 03/12/2021 que se transcribe:

“Á vista do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Lourenzá para a concesión dunha axuda para a xestión do Centro de Limpeza e Desinfección de Vehículos de transporte no sector gandeiro para os exercicios de 2002 ao 2025, que se transcribe literalmente:

“Dunha parte, don Silvestre José Balseiros Guinarte, en calidade de director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, por delegación do conselleiro, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015, publicada no DOG número 223 do 23 de novembro.

E doutra, Dona Rocío López García, actuando en nome e representación do Concello de Lourenzá, na súa calidade de alcaldesa, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Cada unha das partes interveñen en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración.

#### **EXPOÑEN**

**Primeiro.** Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de



Cod. Validación: AF23G3K4LZPL33C6Q3WC9E964 | Corrección: https://concellolourenza.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 e 34





## Concello de Lourenzá

Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva en materia de agricultura e gandería, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado.

Segundo. Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural ten as competencias xerais en materia de gandería e, particularmente, é competente en relación coa protección e control da sanidade animal; a análise e planificación da execución e seguimento dos programas de prevención, loita, control, vixilancia e erradicación das enfermidades dos animais, epizootias e zoonoses, así como das alertas sanitarias dos animais, e outras medidas para o establecemento de garantías sanitarias e da rastrexabilidade das producións gandeiras; e a ordenación, fomento e control das condicións hixiénico sanitarias dos medios de produción gandeiros, tal como se recolle no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Terceiro. A Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, atribúelle aos concellos competencias, nos termos establecidos pola normativa estatal e autonómica, en materia de abastos, matadoiros, feiras, mercados e defensa dos usuarios e consumidores; protección medio ambiental e da salubridade pública.

Cuarto. O artigo 49 da Lei de Sanidade Animal establece a obriga de que os vehículos ou medios de transporte de gando utilizados, unha vez realizada a descarga de animais, deben ser limpados de residuos sólidos, lavados e desinfectados con produtos autorizados, no centro de limpeza e desinfección máis próximo habilitado para tal fin, o cal expedirá un xustificante do labor realizado, que deberá acompañar ao transporte.

Quinto. As actividades a desenvolver enmárcanse no disposto no Real Decreto 1559/2005, do 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro. Este regula e establece as condicións básicas de equipos, instalacións e funcionamento dos centros de limpeza e desinfección de vehículos dedicados ao transporte por estrada dos animais de produción, de produtos para a alimentación dos ditos animais, e dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano; e indica os requisitos mínimos para a súa autorización, as normas para o seu funcionamento, a documentación a expedir tras a limpeza e desinfección, os rexistros que deben levar os centros, e as normas para a realización da correcta limpeza e desinfección.

Sexto. Os vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro constitúen un elemento importante dentro da produción e sanidade gandeira, supoñendo os seus desprazamentos un risco na difusión e propagación das enfermidades infecto-contaxiosas dos





## Concello de Lourenzá

animais. Deste xeito, a limpeza e desinfección de vehículos utilizados para o transporte de animais adquire gran importancia sanitaria, non só cando os traslados se realizan entre explotacións ou con destino a un matadoiro, senón de xeito especial cando teñen como destino ou orixe unha feira, onde se concentran animais de diferentes procedencias. No caso de Galicia, o número de vehículos é proporcional ao elevado número de explotacións gandeiras, polo que a súa repercusión a nivel sanitario aínda resulta máis significativa.

Neste sentido, non debe esquecerse que Galicia e España son receptoras de numerosas partidas de animais procedentes dos restantes países europeos, nalgúns dos cales se detectaron brotes de enfermidades de gran difusibilidade, como a peste porcina africana, polo que os transportes de animais supoñen un continuo risco de aparición de enfermidades ausentes no noso territorio. Ademais, debido á súa situación xeográfica, España é lugar de paso de vehículos de transporte de animais vivos con destino a terceiros países no norte de África, non só con orixe no noso propio país, senón doutros países da Unión Europea (UE), así como de vehículos que dende o norte de África se desprazan baleiros para cargar animais en Europa. Estes vehículos entran en contacto con explotacións gandeiras de terceiros países, supoñendo un elevado risco sanitario para a nosa cabana gandeira, risco especialmente grave se temos en conta a situación sanitaria destes países, afectados de enfermidades de elevada transmisibilidade e incluídas na lista de enfermidades de declaración obrigatoria na UE, como a Febre aftosa, a Peste dos pequenos ruminantes ou a Viruela ovina e cabrúa.

Sétimo. A Comunidade Autónoma de Galicia é orixe e destino de numerosos intercambios comerciais de animais vivos e produtos de orixe animal, especialmente con diferentes rexións españolas, e tamén con diversos países da Unión Europea, sendo esta actividade fundamental no mantemento da economía rural galega, ata o punto de que a aparición e propagación de calquera das enfermidades animais obxecto de restricións nos movementos de animais ou produtos terían importantes repercusións económicas sobre todo o sector gandeiro.

Por outra banda, a aparición de determinadas enfermidades transmisibles dos animais obxecto de restricións obrigaría a adoptar custosas medidas para o seu control e/ou erradicación, o que tería efectos económicos directos sobre a propia administración e os posuidores dos animais afectados.

Oitavo. Determinadas enfermidades transmisibles dos animais poden ter significativas repercusións na saúde pública e na seguridade alimentaria, polo que resulta fundamental dende o punto





## Concello de Lourenzá

de vista da saúde humana tomar todas as medidas necesarias para evitar a súa aparición e, no seu caso, difusión.

Noveno. Unha das prioridades da Consellería do Medio Rural e da Xunta de Galicia é manter a actividade agropecuaria, como medida para fixar poboación no rural e evitar o despoboamento, polo que é imprescindible adoptar todas as actuacións que aseguren a sanidade animal, fortalecendo a rendibilidade das producións gandeiras.

Décimo. A Comarca de Lourenzá é unha zona de intensa actividade agropecuaria, resultando evidente o interese do Concello de Lourenzá por manter e fomentar as actividades gandeiras, contribuír á súa rendibilidade económica, fixar poboación e asegurar a saúde pública.

Undécimo. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto regula a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Duodécimo. Tendo en conta o evidente interese público, social e económico da actividade, a Consellería do Medio Rural e os concellos veñen colaborando dende hai anos no mantemento deste servizo; e cómpre seguir traballando no mesmo sentido para consolidar os bos resultados obtidos ata o de agora e, así, contribuír a evitar a difusión e propagación das enfermidades infecto-contaxiosas dos animais.

O desenvolvemento destas actuacións no ámbito xeográfico deste concello, so é posible coa participación da Administración Local de Lourenzá, xa que ante a ausencia total de iniciativa privada neste campo, é a única entidade que conta co persoal necesario, así como experiencia na xestión do centro. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrencia competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para acadar os obxectivos perseguidos.

Por tanto, asumindo que a realización daquelas actividades que contribúan ao mantemento do status sanitario do sector gandeiro reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, e que as actuacións previstas no presente convenio resultan necesarias para previr a difusión e propagación das enfermidades infecto-contaxiosas dos animais, evitar os seus efectos económicos negativos, favorecer o mantemento da actividade gandeira e a poboación rural, e asegurar a saúde pública e a seguridade alimentaria, enténdese a procedencia da sinatura dun convenio de





## Concello de Lourenzá

colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Lourenzá para a concesión dunha axuda para a xestión do centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro.

A finalidade do convenio axústase aos fins e obxectivos do Concello de Lourenzá, obxectivos compartidos coa Consellería do Medio Rural.

Décimo Terceiro. En virtude do anterior, e acreditado que o Concello de Lourenzá cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

### CLÁUSULAS

#### Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións nas que se concederá unha axuda ao Concello de Lourenzá para conservar e explotar o centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro existente no dito concello.

#### Segunda. Obrigas do Concello de Lourenzá

O Concello de Lourenzá realizará a prestación do servizo de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro no centro de limpeza e desinfección localizado no dito concello, asumindo a súa xestión con medios propios ou subcontrados, coas seguintes obrigas:

- a) Aportar o persoal necesario para a prestación do servizo de limpeza e desinfección.
- b) Realizar o mantemento dos equipos e instalacións.
- c) Achegar os materiais necesarios para a realización dos labores de limpeza e desinfección.
- d) Realizar a limpeza e desinfección dos vehículos segundo as normas establecidas no Real Decreto 1559/2005.
- e) Expedir a través do seu persoal o certificado ou talón de desinfección pertinente que xustifique a realización da limpeza e desinfección de cada vehículo.
- f) Colocar, mediante o seu persoal, o oportuno precinto sobre as portas ou elementos de acceso do gando dos vehículos limpados e desinfectados, figurando no precinto o número de rexistro do centro e o número do precinto.
- g) Levar un rexistro, que se conservará ao menos durante tres anos, cos datos das matrículas dos vehículos limpados e desinfectados, a data e hora de finalización das tarefas, o praguicida-biocida de uso gandeiro utilizado e o número de certificado ou talón expedido.

#### Terceira. Financiamento

A Consellería do Medio Rural financiará as actuacións do convenio con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.713E.460.1, durante os





## Concello de Lourenzá

seguintes exercicios orzamentarios e co importe máximo de:

- 2022: 6.000,00 €. Para este ano as actuacións subvencionables serán as levadas a cabo desde o 1 de xaneiro.

- 2023: 6.000,00 €

- 2024: 6.000,00 €

- 2025: 6.000,00 €

### Cuarta.- Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia tan só se consideran subvencionables aqueles gastos que dun xeito indubidable respondan á natureza das actividades recollidas na cláusula segunda deste convenio. Achégase no Anexo I o cadro orzamentario orientativo coas actuacións a desenvolver polo Concello de Lourenzá.

O Imposto sobre o valor engadido (IVE) só se considera financiable no caso de que non sexa susceptible de recuperación ou compensación. Nese caso, deberase presentar a xustificación documental de non suxeición ou exención do imposto emitida pola Axencia Española de Administración Tributaria.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

### Quinta. Xustificación

O Concello de Lourenzá estará obrigado a xustificar ante a Consellería do Medio Rural, antes do 1 de decembro da anualidade correspondente, o cumprimento da finalidade do convenio e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola seguinte documentación:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa do convenio en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.- O cumprimento da finalidade da subvención.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: actuación/concepto, identificación do/a acreedor/a, NIF, número de factura ou documento equivalente, importe sen IVE, IVE, importe total, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

a) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios





## Concello de Lourenzá

propios ou subcontratados, e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación que se fai referencia no apartado a).

b) Declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Toda a documentación incluída na xustificación presentarase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coas actividades realizadas no marco do convenio.

Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto nos artigos 62 e 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final. O importe do pagamento a conta poderá acadar ata o 80 % da contía anual concedida.

### Sexta. Relacións laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados do centro de limpeza e desinfección do Concello de Lourenzá e a Xunta de Galicia.

### Sétima. Comisión de seguimento

Para avaliar o desenvolvemento do convenio de colaboración constituirase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada institución asinante:

- Por parte da Consellería do Medio Rural: O subdirector xeral de Gandería

Por parte do concello:

A alcaldesa-presidenta, ou persoa en quen delegue.

Será a encargada de coordinar, supervisar e realizar o seguimento das actuacións do mesmo, así como de propor e deseñar medidas e actuacións que redunden no éxito da súa aplicación.

A comisión de seguimento reunirse 1 vez ao ano, con carácter ordinario, co fin de avaliar o desenvolvemento das actuacións levadas a cabo, e, con carácter extraordinario, sempre que o solicite algún dos seus membros.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

### Oitava. Informes

O Concello de Lourenzá elaborará anualmente un informe analítico



Cod. Validación: AF023G3K4LZPL33C6C03WC E964 | Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 de 34



## Concello de Lourenzá

das actividades realizadas no marco do convenio, informe que presentará antes do día 15 de xaneiro do seguinte ano, e aqueles informes que a Consellería considere necesarios para a correcta avaliación do mesmo. O informe deberá cuantificar as actuacións realizadas e indicar o número de vehículos limpados e desinfectados no centro.

No último ano da duración do convenio, incluírá tamén unha análise do cumprimento das obrigas asumidas coa sinatura do presente convenio.

### Novena. Controis

A Consellería do Medio Rural exercerá o seguimento e control das actuacións obxecto do convenio co persoal técnico da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. O Concello de Lourenzá comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia e do Consello de Contas.

### Décima. Incompatibilidade

A percepción dunha achega con base a este convenio, será incompatible con calquera outra que poida obterse de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais para a mesma finalidade.

### Undécima. Obriga de reintegro

A entidade perceptora dos fondos comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

### Duodécima. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

### Décimo Terceira. Consentimento

O Concello de Lourenzá autoriza á Consellería do Medio Rural a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da





## Concello de Lourenzá

Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### Décimo Cuarta. Natureza

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polas súas propias cláusulas e pola Le9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galega. A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.

### Décimo Quinta. Vixencia do convenio

A duración do presente convenio, que producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2022 rematará coa finalización das accións obxecto do mesmo o 31 de decembro de 2025.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración”.

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente, VEN EN RESOLVER:

**PRIMEIRO.-** Aporbar o Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Lourenzá para a concesión dunha axuda para a xestión do Centro de Limpeza e Desinfección de Vehículos de transporte no sector gandeiro para os exercicios de 2002 ao 2025, tal e como está redactado.

**SEGUNDO.-** Remitir certificación da presente Resolución á Consellería de Medio Rural para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Ratificar a presente Resolución na primeira Xunta de Goberno Local que se celebre.

Manda e asina a Sra. Alcaldesa Presidente, D<sup>a</sup> Rocío López García en Lourenzá a tres de decembro do dous mil vinte e un. “

### **Expediente 901/2018. XUSTIFICACIÓN CONVENIO ESCOLAS DEPORTIVAS TEMPADA 2020-2021**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento







## Concello de Lourenzá

Visto o escrito de data 02/12/2210, rexistrado de entrada con núm. 2021-E-RE-407 o 07/12/21, presentado por D. Pablo Maseda Fernández, Presidente de E.D. Lourenzá, así como a documentación achegada referente á xustificación dos gastos de E.D. LOURENZÁ, Tempada 2020/2021 para a subvención concedida polo Concello por importe do recadado coa taxa municipal de inscrición dos alumnos das Escolas Deportivas que ascende a tres mil cento cincuenta e nove euros (3.159,00.-) euros, para o desenvolvemento das escolas deportivas municipais (competicións e adestramentos dos diferentes equipos que conforman as mesmas), e unha vez analizada a documentación presentada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Deixalo sobre a mesa posto que faise necesario que se aporte documentación complementaria.

Segundo.- Requirir a E.D.LOURENZÁ, con NIF. G-27211994, e na súa representación ao seu presidente, D. Pablo Maseda Fernández, para que aporte a seguinte documentación: justificante bancario de pago ós monitores así como declaración de non ter recibido axudas doutras administracións públicas.

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García para que, unha vez presentada a documentación solicitada, aprobe a conta xustificativa de ditos gastos.

### Expediente 871/2018. SUBVENCIONS DEPORTES 2021.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Á vista da acta da Comisión de Valoración para a avaliación de solicitudes presentadas ao abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2021, que se transcribe seguidamente:

“En Lourenzá ás dez horas do día dezaseis de decembro do dous mil vinte e un na Casa Consistorial constitúese a Comisión de Valoración para a avaliación de solicitudes presentadas ó abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá, para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2021, presidida por la Sra. Alcaldesa D<sup>a</sup>. Rocío López García, actuando como vocal o Técnico Municipal de Deportes D. Ruben García Piñeiroa e actuando como Secretaria a funcionaria D<sup>a</sup> Carmen López González, por delegación da Secretaria titular.

De conformidade co disposto nas citadas bases procédese pola Comisión de Valoración a examinar as solicitudes presentadas que





## Concello de Lourenzá

ascenden a tres, e que se reseñan seguidamente:

Solicitud número 1 presentada o día 03/11/21 e rexistrada de entrada co número 2021-E-RE-362 por D. Luís Manuel Graña González con D.N.I. nº 45433736L, en representación de Club Atletismo Lourenzá solicitando na categoría de axudas para actividade deportiva, presentando toda a documentación esixida e con un orzamento de 631,50 euros, e solicitando unha subvención por importe de 599 euros.

Solicitud número 2 presentada o día 10/11/21 e rexistrada de entrada co número 2021-E-RE-368, por Don Pablo Maseda Fernández con D.N.I. nº 77.592.743N, en representación das Escolas Deportivas de Lourenzá solicitando na categoría de axudas para actividade competitiva, presentando toda a documentación esixida e con un orzamento de 12.100 euros, e solicitando unha subvención por importe de 5.000 euros.

Solicitud número 3 presentada o día 19/11/21 e rexistrada de entrada co número 2021-E-RE-382, por Doña Pura Alvarez Rico con D.N.I. nº 33304812F, en representación da Asociación de Senderismo "Terras de Lourenzá" solicitando na categoría de axudas para actividade deportiva, presentando toda a documentación esixida e con un orzamento de 1.100,00 euros, e solicitando unha subvención por importe de 1.000 euros.

Seguidamente pola Comisión de valoración á vista das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá, para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2021, propón a concesión das seguintes axudas:

- 1.- Ao Club Atletismo Lourenzá: 500 euros.
- 2.- As Escolas Deportivas de Lourenzá: 5.000 euros.
- 3.- A Asociación de Senderismo "Terras de Lourenzá": 500 euros

Pola Sra. Alcaldesa maniféstase que a presente acta será elevada, xunto con todo o actuado, á Xunta de Goberno Local, quen aprobará as axudas correspondentes.

Ás dez horas e trinta minutos do día da data dáse por finalizado este acto. Do que transcrito en esta acta, que firman os integrantes da Mesa para a apertura de plicas, conmigo Secretaria que dou fe."

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Conceder ao abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Entidades e Clubs deportivos do Concello de Lourenzá para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2021, as seguintes axudas:

- 1.- Ao Club Atletismo Lourenzá: 500,00 euros
- 2.- As Escolas Deportivas de Lourenzá: 5.000,00 euros.
- 3.- A Asociación de Senderismo "Terras de Lourenzá: 500,00 euros

**SEGUNDO.-** Notificar a presente Resolución ao Club Atletismo





## Concello de Lourenzá

Lourenzá, ás Escolas Deportivas de Lourenzá e a Asociación de Senderismo "Terras de Lourenza", para que antes do 31/03/22 presenten a documentación xustificativa da axuda económica e que segundo as bases citadas é a seguinte:

-Memoria de actuación xustificativa e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logros acadados.

- Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada que conterà:

- 1.- Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.
- 2.- Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión.
- 3.-Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo ata o importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen Terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas ("*estampilladas*") polo órgano xestor.
- 4.-Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.
- 5.-Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.
- 6.- Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.
- 7.- Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.
- 8.- Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se ingresará - de ser o caso - a correspondente subvención unha vez tramitada a documentación presentada.
- 9.-Se é o caso, declaración responsable do representante da entidade de que a entidade que representa está asumindo o custo subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita subvención, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.





## Concello de Lourenzá

10.- Acreditación, se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa do CONCELLO DE LOURENZA SE inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.

### Expediente 272/2021. EXECUCIÓN DE REFORMA E INSTALACIÓNS EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FEIRAL DE LOURENZA: ADXUDICACIÓN.

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o estado da tramitación do expediente para a execución da obra denominada “EXECUCIÓN DE REFORMA E INSTALACIÓNS EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ(272/2021)

Vista a acta de apertura de proposicións na que consta que se presentaron as seguintes empresas:

NUM	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	IVE	OFERTA TOTAL	IMPORTE BAIXA sen IVE	TOTAL PUNTOS
1	COTO, ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L.	210.000,00	44.100,00	254.100,00	6.292,56	32,84
2	COVISAN NORTE, S.L.	198.480,00	41.680,80	240.160,80	17.812,56	92,96
3	SERGONSA, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	197.132,00	41.397,72	238.529,72	19.160,56	100,00
4	CITANIA OBRAS Y SERVICIOS, S.LU.	210.301,26	44.163,26	254.464,52	5.991,30	31,27
5	GARCIA Y SÁNCHEZ DE MELIDE, S.L.	203.700,00	42.777,00	246.477,00	12.592,56	65,72
6	CONST. E INGENIERIA, MESSI, S.L.	212.183,01	44.558,43	256.741,44	4.109,55	21,45
7	ING. Y CONSTRUC. MELCOR, S.L.	204.287,96	42.900,47	247.188,43	12.004,60	62,65
8	CONSTRUCC. Y CANALIZACIONES JOSE SAA, S.L.	205.180,18	43.087,84	248.268,02	11.112,38	58,00

Visto que a Mesa de Contratación, na data 13/12/2021 propuxo como adxudicatario para a execución da obra “EXECUCIÓN DE REFORMA E INSTALACIÓNS EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ (272/2021) á Empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L. con CIF. B-70372032, e domicilio social en Rúa Enrique Mariñas núm.6-1ºF (15009 A CORUÑA), por ser a oferta máis vantaxosa.

Visto que por Resolución da Alcaldía de data 15/12/2021, requiriuse a SERGONSA SERVICIOS, S.L para que presentase a documentación indicada nos Pregos de Cláusulas Económico-administrativas, como trámite previo a súa adxudicación e que procedera á constitución da garantía definitiva que supón o 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto do valor engadido, ascendendo polo tanto a NOVE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (9.856,60). Igualmente, de conformidade co disposto na cláusula





## Concello de Lourenzá

Terceira dos pregos, requiríuselle para que presentara os certificados de estar ó día nas súas obrigacións coa Axencia Tributaria, coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesourería da Seguridade Social así como a Alta no Imposto de Actividades Económicas, no epígrafe que corresponda e xustificante do último recibo ou, no seu caso, certificación a AEAT de estar exento, e documentación acreditativa da subcontratación, no seu caso así como a acreditación da solvencia técnica no Grupo I de conformidade co disposto na cláusula terceira dos pregos.

Visto que D. Marcos González Sánchez, con NIF.46918589-S, en representación da Empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L. con CIF. B-70372032, en data 22/12/2021 e rexistrado de entrada co núm. 2021-E-RE-442, presentou a documentación esixida, cun aval bancario de ATRADIUS CRÉDITO Y CAUCIÓN, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, con NIF. A28008795, de data 20/12/2021, Núm.4265917, por un importe de Nove mil oitocentos cincuenta e seis euros con sesenta céntimos de euro (9.856,60).

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Adxudicar a obra “EXECUCIÓN DE REFORMA E INSTALACIÓNS EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ(272/2021) a Empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L. con CIF. B-70372032 e domicilio social en Rúa Enrique Mariñas núm.6-1ºF(15009 A CORUÑA) e na súa representación a D. Marcos González Sánchez, con NIF.46918589-S, no prezo de CENTO NOVENTA E SETE MIL CENTO TRINTA E D DOUS EUROS (197.132,00) e Corenta e unha mil trescentos noventa e sete euros con setenta e dous céntimos de euro (41.397,72) correspondente o IVE (21%), facendo un total de DOUSCENTOS TRINTA E OITO MIL CINCOCENTAS VINTE E NOVE EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (238.529,72) que serán abonados dentro dos trinta días naturais seguintes á data de expedición de certificacións de obra executada, que serán expedidas pola Dirección facultativa ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou dotal do contrato. Durante o prazo de vixencia do contrato non terá lugar a revisión do prezo.

IMPORTE ADXUDICADO	IVE	TOTAL
197.132,00	41.397,72	238.529,72

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L., e na súa representación a D. Marcos González Sánchez, indicándolle que se lle citará oportunamente para a sinatura do contrato que terá lugar na Casa Consistorial no prazo máximo de





## Concello de Lourenzá

quinze días dende a notificación do presente acordo, así como ó resto de contratistas que presentaron oferta.

**TERCEIRO.-** Dispoñer igualmente o gasto con cargo á partida orzamentaria correspondente do vixente orzamento, sendo esta 450.619 do Estado de Gastos.

**CUARTO.-** Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante na forma prevista no artigo 63.4 da Lei Contratos Sector Público 2017, comprendendo a información a publicar, o seu obxecto, duración, importe, incluído o IVE., e a identidade do adxudicatario así como na plataforma de contratación da Xunta de Galicia.

**QUINTO.-** Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, para a súa aprobación polo Concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde ou director facultativo da obra D. Nicanor Píñeiro Sampedro, enxeñeiro técnico industrial, colexiado núm.83. Despois de realizar este trámite procederase á acta de implantación e inicio da obra.

**SEXTO.-** Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

### **Expediente 602/2021.SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE RECOLLIDA DE LIXO D<sup>a</sup> CRISTINA LORIGADOS RODRÍGUEZ**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista solicitude núm. 2316 de 22/11/21 subscrita por D<sup>a</sup>. CRISTINA LORIGADOS RODRÍGUEZ con D.N.I. núm. \*\*\*\*7179Y con domicilio en Veiga, núm. 3, da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Veiga núm. 3, San Adriano, que antes figuraba a nome de D. José Ramón Vázquez Lunas e para que agora figure a nome de D<sup>a</sup>. Cristina Lorigados Rodríguez en Veiga núm. 3, San Adriano.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do cuarto trimestre do 2021.

### **Expediente 629/2021.SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA DE LIXO D<sup>a</sup>. SUSANA ALONSO DOMINGO**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento





## Concello de Lourenzá

Vista solicitude núm. 2347 de 25/11/21 subscrita por D<sup>a</sup>. SUSANA ALONSO DOMINGO con D.N.I. núm. \*\*\*\*3265Z con domicilio en Calle Sociedad la Constanza, núm.2 PBJ, Roche, La Unión (Murcia), na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en A Cazolga núm. 2, da Parroquia de Santa María de este Termo Municipal, que antes figuraba a nome de D. Camilo Marful Fernández e para que agora figure a nome de D<sup>a</sup>. Susana Alonso Domingo en A Cazolga núm. 2, Santa María.  
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do cuarto trimestre do 2021.

### **Expediente 630/2021. SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE LIXO D. ARGIMIRO VIEITES VIEITES**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--------------------------------------------------

Vista solicitude núm. 2448 de 10/12/21 subscrita por D. ARGIMIRO VIEITES VIEITES con D.N.I. núm. \*\*\*\*2977A con domicilio en Chantado núm. 4, da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Chantado núm. 3, da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Remedios Vidal Romero e para que agora figure a nome de D. Argimiro Vieites Vieites en Chantado núm. 3, San Jorge.  
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do cuarto trimestre do 2021.

### **Expediente 631/2021. SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE LIXO D. XACOBÉ RODRÍGUEZ RIVAS**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--------------------------------------------------

Vista solicitude núm. 2396 de 01/12/21 subscrita por D. XACOBÉ RODRÍGUEZ RIVAS con D.N.I. núm. \*\*\*\*6517X con domicilio en Eduardo Pondal núm. 72, PO5 C de Pontevedra, na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Avda do Val núm. 16, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de D. Avelino Rodríguez Debén e para que agora figure a nome de D. Xacobe Rodríguez Rivas en Avda. do Val núm. 16, Santa María.  
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do cuarto trimestre do 2021.





## Concello de Lourenzá

### **Expediente 632/2021. SOLICITUDE CAMBIO DE TITULARIDADE LIXO D. ROBERTO IRIMIA RECALDE**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista solicitude núm. 2405 de 02/12/21 subscrita por D. ROBERTO IRIMIA RECALDE con D.N.I. núm. \*\*\*\*1341N con domicilio en As Pedreiras núm. 6, da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en As Pedreiras núm. 6, Santo Tomé, que antes figuraba a nome de D<sup>a</sup>. Orquidea Fanego Rivas e para que agora figure a nome de D. Roberto Irimia Recalde en As Pedreiras núm. 6, Santo Tomé.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do cuarto trimestre do 2021.

### **Expediente 506/2021.SOLICITUDE DE SUBSTITUCIÓN VEHÍCULO SERVICIO PÚBLICO D. ANGEL MORÁN GARCÍA.**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de D. Angel José Morán García, veciño de Mondoñedo con D.N.I. nº \*\*\*\*7458C relativa a cambio de vehículo de taxi, substituíndo o vehículo matrícula 2523GYT, Turismo Mercedes Benz E 200 CDI por outro novo de recente adquisición, marca Audi, modelo A6 Limousine, matrícula 1919 KDN.

Visto o informe favorable de data 13/12/21 do Servicio de Mobilidade da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Visto o previsto no art. 4º e seguintes de aplicación do Real Decreto 763/1979 de 16 de marzo do Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transporte de Automóviles Lixeiros, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA: Informar favorablemente o cambio do vehículo e a subseguinte adscrición ao servizo de auto turismo do de nova adquisición antes descrito aos efectos procedentes.

### **Expediente 634/2021. SOLICITUDE BAIXA CAIXEIRO AUTOMÁTICO BANCO DE SANTANDER S.A.**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Antonia Segura Martín, con DNI. Núm. \*\*\*\*9486B, en representación de BANCO DE SANTANDER S.A. con N.I.F. A39000013, no que solicita a baixa na taxa por







## Concello de Lourenzá

utilización privativa ou aproveitamento especial de subsolo, solo e vo do dominio público local, caixeiros automáticos, que tiña concedido a nome de Euro Automatic Cash en Avenida de Mondoñedo, núm. 16 por peche de oficina.

A Xunta de Goberno Local, á vista do escrito, por unanimidade, ACORDA:

Conceder a baixa da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de subsolo, solo e vo do dominio público local, caixeiros automáticos en Avenida de Mondoñedo, núm. 16 por peche de oficina de Banco de Santander S.A.

### FACTURAS E CERTIFICACIÓNS DECEMBRO/2021.

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

NOME E NIF. ACREDOR	NÚM. FACTURA E DATA	CONCEPTO	IMPORTE (IVE incluído)
AGROFORESTAL ROUCO SLU CIF. B27466218	Núm. 558 de 01/12/2021	Reparación Tractor Landini	4.866,09
SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE ,SL CIF.B27333160	Núm.SSPT21308 de 01/12/2021	Domingos, festivos e Sábados dependencia(33 horas.)	478,76
SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE,SL CIF.B27333160	Núm.SSPT21309 de 01/12/2021	Incidenias Dependencia (216,65 horas)	3.143,16
SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE,SL CIF.B27333160	Núm.SSPT21310 de 01/12/2021	Incidenias Libre Concorrenia (59 horas)	905,36
CONCELLO DE BARREIROS CIF.P2700500H	Núm.2494 de 15/12/21	Recollida Lixo mes de Outubro	13.756,59
CONCELLO DE BARREIROS CIF.P2700500H	Núm.1283 de 27/12/21	Recollida Lixo mes de Novembro	12.112,74
ESPINA Y DELFIN, S.L. CIF. B15026693	Núm.S/003760 de 09/12/2021	Servizos elaboración Memoria Presa Lourenzá adecuación requirimentos Augas.	4.307,60
<b>TOTAL</b>			<b>39.570,30</b>

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL





## Concello de Lourenzá

---

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: AF623G3k4LZPL33C6Q3WCE964 | Corrección: <https://concellolourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 34